

Resolución Reitoral do 29 de novembro de 2016, pola que se resolve a convocatoria do "PROGRAMA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CAPTACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR SELECCIONADO NAS CONVOCATORIAS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC) 2016"

En sesión do Consello de Goberno do 12 de febreiro do 2016 aprobouse a Convocatoria para o ano 2016 do "PROGRAMA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CAPTACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR SELECCIONADO NAS CONVOCATORIAS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)".

Efectuada a valoración da convocatoria, e atendendo á proposta elevada pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno de data 15 de novembro de 2016, esta Reitoría RESOLVE conceder a solicitude presentada por **D. José Manuel Castro Tubío**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 29 de novembro de 2016


O REITOR

P.D. Resolución Reitoral 07/05/2014 (DOG 13/05/14)

A Vicerreitora de Investigación e Transferencia



M^a Asunción Longo González



NOTA: Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral no Campus de Vigo con data 29 de novembro de 2016

A Secretaria da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia

Paula González Pérez